



Fundación Humanitaria de los Rotarios Españoles
Rúa Augusto González Besada núm. 15 - 6º A
36001 Pontevedra

EXPEDIENTE: PR803D 2019/30

Nome do proxecto: Proyecto Agua Segura: “Mejora del acceso al agua potable y saneamiento en condiciones de equidad y sin discriminación para 27 comunidades rurales del Distrito Municipal de Baños del Inca, Cajamarca (Perú)”.

Segundo o estipulado no artigo 14 da orde do 17 de decembro de 2018 da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e se realiza a súa convocatoria, con data de 2 de xullo de 2019 o director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, por delegación do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, adoptou a Resolución na que se establece o seguinte:

"Conceder á entidade Fundación humanitaria de los rotarios españoles unha axuda por importe total de **155.000,00 euros** para a execución do proxecto Proyecto Agua Segura: “Mejora del acceso al agua potable y saneamiento en condiciones de equidad y sin discriminación para 27 comunidades rurales del Distrito Municipal de Baños del Inca, Cajamarca (Perú)”, distribuído nas seguintes anualidades: **no ano 2019 o importe de 62.000,00 euros e no ano 2020 o importe de 93.000,00 euros**

<u>Finalidade</u>	<u>Anualidade 2019</u>	<u>Anualidade 2020</u>
Capítulo VII: Compra de terreos e inmobles; construción e/ou reformas de inmobles e infraestruturas; bens inventariables; adquisición de medios de transporte; fondo rotatorio.	35.925,05€	48.681,54€
Capítulo IV: Identificación e liñas de base, arrendamento de terreos e inmobles; bens consumibles; persoal local, expatriado e	26.074,95€	44.318,46€





sede; servizos técnicos e profesionais;
funcionamento no terreo; viaxes,
aloxamentos e axudas de custo;
avaliación externa; auditoría contable;
gastos financeiros, custos indirectos.

Así mesmo, infórmolle do seguinte:

- De acordo co disposto no artigo 16 da orde da convocatoria e co que establece o artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, deberá presentar no **prazo máximo de 10 días** unha declaración de aceptación da axuda na que conste o seu compromiso de aportar directamente ou cubrir con outras achegas a diferenza entre o custo total do proxecto e a contía da subvención finalmente concedida. Transcorrido o dito prazo sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada. Igualmente deberán confirmar, se é o caso, que as subvencións solicitadas a outras institucións xa foron concedidas, ou ben que se compromete a financiar as cantidades adicionais que correspondan. De non ser así, a entidade beneficiaria poderá, dentro do mesmo prazo, renunciar á axuda ou, sempre que tecnicamente sexa posible e sen que se altere a finalidade nin o orzamento total do proxecto aprobado, presentar unha readaptación á subvención concedida que non afecte a orde de prelación dos proxectos subvencionados, que será sometida a unha nova análise.

- O **pagamento da subvención** realizarase mediante pagos anticipados do 100% da anualidade que se trate, sen esixencia de garantía, conforme co estipulado no artigo 17 da orde de convocatoria. A segunda anualidade pagarase, unha vez xustificada a primeira anualidade conforme ao que establece o artigo 18.4, de acordo co previsto no artigo 17.3.

-A **xustificación da subvención concedida** para proxectos que teñan un período de execución comprendido no exercicio corrente, realizarase no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para realizar as actividades do proxecto subvencionado e con data límite do 31 de marzo de 2020, conforme co que establece o artigo 18.2 da orde da convocatoria.

Para os proxectos con subvención plurianual xustificárase cada anualidade independentemente, a primeira anualidade dentro do primeiro trimestre do ano seguinte presentando o anexo IV xunto coa documentación que se sinala no artigo 18.4 da orde da convocatoria.

E a segunda anualidade no prazo máximo de tres meses desde a finalización do prazo para realizar a totalidade das actividades e sempre dentro do exercicio orzamentario correspondente e coa documentación que se sinala no artigo 18.5 da orde da convocatoria.

-A **xustificación final do proxecto** realizarase conforme co que establece o artigo 18.5 da orde de convocatoria e constará de dúas partes:





1.- Xustificación técnica. Indicará co máximo detalle os obxectivos conseguidos, os resultados obtidos, as actividades realizadas, o proceso de transferencia e a xestión das intervencións tras a súa finalización, así como a análise da súa sustentabilidade futura.

2.- Xustificación económica. Comprenderá toda a documentación que acredite os gastos efectuados con cargo á subvención concedida e realizárase mediante a forma de conta xustificativa, que incluíra a declaración das actividades realizadas e o seu custo, coa desagregación de cada un dos gastos realizados. A conta xustificativa (exceptuados os proxectos executados polas universidades galegas e as axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas) poderá ser:

- Conta xustificativa con achega de xustificantes de gastos, no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros. Exceptúanse desta modalidade de xustificación os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro.
- Conta xustificativa con entrega de informe de auditor/a, obrigatoria para subvencións por importe superior a 50.000 euros e para os proxectos executados por entidades que posúan ánimo de lucro, e opcional no caso de subvencións por importe igual o inferior a 50.000 euros.

No caso dos proxectos presentados polas universidades e conforme o establecido no artigo 28.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a xustificación económica consistirá nunha certificación de gastos da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida, conforme co que establece o artigo 18.5.3.

Ás axencias ou organismos internacionais das Nacións Unidas exixiránelles como xustificación económica os documentos acreditativos das transferencias realizadas, así como o control contable que lles é específico e sempre conforme o funcionamento establecido polos Estados parte para as distintas Nacións Unidas, conforme co que establece o artigo 18.5.4.

- Segundo o disposto no artigo 19 da orde da convocatoria, as entidades beneficiarias deberán informar de xeito inmediato á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea sobre calquera acontecemento que altere ou dificulte notoriamente o axeitado desenvolvemento do proxecto subvencionado. Así mesmo, están obrigadas a incorporar de forma visible, en todas as accións derivadas do proxecto subvencionado, os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, en formato duradeiro e material resistente, para a debida difusión da orixe da subvención.

-Segundo o disposto no artigo 20 da orde da convocatoria, precisarase autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto cando afecte aos seus obxectivos,





persoas beneficiarias, lugar, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias de máis dun 20% do inicialmente aprobado.

-Conforme ao que establece o artigo 21 do Decreto 29/2017, do 9 de marzo, o prazo de execución das actividades subvencionadas poderá ser ampliado automaticamente ata un máximo de tres meses, sen necesidade de autorización previa polo órgano xestor, e o beneficiario deberallo comunicar previamente ao órgano competente antes de que finalice o prazo de execución inicial. As ampliacións do prazo de execución superiores a tres meses requirirán a autorización previa do órgano xestor.

-De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e segundo establece o artigo 21 da orde da convocatoria, a entidade beneficiaria poderá realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida. En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente a copia xustificativa da devolución voluntaria realizada.

- O incumprimento de calquera das obrigas esixidas na orde de convocatoria, na presente resolución da concesión de axuda ou nalgún dos supostos regulados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dará lugar ao reintegro das cantidades percibidas e os xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, de acordo co artigo 22.1 da orde da convocatoria.

Contra a resolución ditada polo director xeral, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación ou presentar directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación.

O que lle traslado para o seu coñecemento e efectos.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

A subdirectora xeral de Cooperación Exterior
Pilar Romero Rodríguez

